XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1°.- Que en consonancia co Decreto do 14 de decembro do 1956, o 30 de xullo de 1958 foi aprobado, con caracter forzoso, o Consorcio do monte "AS REDONDAS", LU-3117, entre o Patrimonio Forestal do Estado e o Concello de Cervantes.

2°.- Que o 18 de abril do 1983, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "DE SEVANE", pertencente á Comunidade integrada polos veciños do lugar de Sevane, parroquia de Quindós, termo municipal de Cervantes. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él, polo que é firme.

3°.- Que o 28 do pasado mes de xuño os dous veciños que constitúen a Comunidade, tomaron o Acordo de:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a aprobación das Bases dun Convenio que afectase as 63 Hás. do monte en man común da súa pertenza, que actualmente se encontran incluidas no Consorcio do monte "AS REDONDAS", LU-3117,

- solicitar da Consellería que o Convenio na parte que lle afecta, anule e substitúa o Consorcio do monte "AS REDONDAS", LU-3117 e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do Convenio.

4°.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior, a conservación e tratamento selvícola das masas creadas, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares, concordantes con tales fins.

5°.- Que en consecuencia, o novo monte "DE SEVANE" queda constituido por:

63 Hás. do monte "AS REDONDAS", LU-3117.

6°.- Que as superficies do monte "AS REDONDAS", LU-3117, eran:

superficie total	119	Hás.
superficie repoboada	117	"
superficie inforestal.....	2	"

Como o monte "CHAN DE LAGARES E CHANDEIRO", 2716507, pasaron:

superficie total.	49	Hás.
superficie repoboada	49	"

as actuais son:

superficie total.	70	Hás.
superficie repoboada	68	"
superficie inforestal.....	2	"

o novo monte "DE SEVANE", pasan:

superficie total.	63	Hás.
superficie repoboada.....	61	"
superficie inforestal	2	"

7°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "AS REDONDAS", LU-3117.

Conforme coa Certificación que se adxunta, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1996:	4.807.195,-Ptas.
pasados m/"CHAN DE LAGARES E CHANDEIRO", 2716507	496.603,- "
saldo actual:	4.310.592,- "
o 31-12-1983, ano en que se clasificou como en man común o monte do lugar de Sevane	1.478.010,- "

A ter en conta de acordo coa Desposición Adicional Segunda de Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

$\frac{61}{68}$ x 4.310.592,-Ptas. - $\frac{61}{117}$ x 1.478.010,-Pts. 3.096.269,- Ptas.

b) Ingresos:

o 31-12-1996:	305.400,-Ptas.
pasados m/"CHAN DE LAGARES E CHANDEIRO"... 2716507	-
saldo actual:	305.400,- "

8°.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio do monte "AS REDONDAS", LU-3117, pasan a conta do Convenio do monte "DE SEVANE", son:

a) GASTOS

traballos:	3.096.269,-Ptas.
administración: $\frac{7,85}{100}$ x 3.096.269,-Ptas. ..	243.058,- "
gardería: 61 Hás. x 660,-Ptas./Ha.	40.260,- "
TOTAL GASTOS.....	3.379.587,- Ptas.

b) INGRESOS

61 Hás. x 305.400,- Ptas. ..... 273.962,- Ptas.

68

TOTAL INGRESOS ..... 273.962,- Ptas.

9°.- E que a conta do Convenio do monte "DE SEVANE" se abre cun saldo de:

3.379.587,- pesetas - 273.962,-Ptas. .... 3.105.625,-Ptas.

Á vista de todo isto, propónse a V.E.:

1°.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte:"DE SEVANE".
Elenco: 2725879
Superficie: 63 Hás.
Pertenza: Comunidade de Sevane.
Termo municipal: Cervantes.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Xuro/anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2°.- Que a conta do Convenio do monte "DE SEVANE", 2715879, se abra cun saldo de 3.105.625,- pesetas, sen prexuicio dos gastos e ingresos que poidera ter o consorcio do monte "AS REDONDAS", LU-3117, con posterioridade a data de peche das súas contas.

3°.- Que o monte LU-3117, teña no sucesivo as seguintes características:

Nome: "AS REDONDAS".
Elenco: LU-3117.
Superficie: 7 Hás.
Pertenza: Pobo de Folgueiroá.
Termo municipal: Cervantes.

4°.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "DE SEVANE", 2715879, das contas de gastos e ingresos do Consorcio do monte "AS REDONDAS", LU-3117, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 61 Hás. x 4.310.592,- Ptas. 3.866.855,-Ptas
68 Hás.

ingresos: 61 Hás. x 305.400,- Ptas. ..... 273.962,- "
68 Hás.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela 28 de agosto de 1997.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonde López.

B°. V°.
O DIRECTOR XERAL,

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO

Visto o expediente de transformación parcial do consorcio LU-3117 do monte "Las Redondas" nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade Veciñal propietaria do Monte Veciñal en Man Común "DE SEVANE" ubicado no termo municipal de Cervantes e integrado por 63 Has. procedentes do citado monte "Las Redondas", e a vista dos informes favorables, emitidos pola Sudirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Produción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbeto da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 1997.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

XUNTA DE GALICIA - CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES - DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL

Asdo.: Mª José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1. Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes características:

Mome: "DE SEVANE".
Elenco: 2715879
Superficie: 63 Has.
Pertenza: Comunidade de Sevane.
Termo municipal: Cervantes
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2°.- Que a conta do Convenio do monte "DE SEVANE", 2715879, se abra cun saldo de 3.105.625,-pesetas, sen prexuicio dos gastos e ingresos que puideran ter o Consorcio do monte "AS REDONDAS", LU-3117, con posterioridade a data de peche das súas contas.

3°.- Que o monte LU-3117, teña no sucesivo as seguintes características:

Nome: "AS REDONDAS".
Elenco: 3117
Superficie: 7 Has.
Pertenza: Pobo de Folgueiroá.
Termo municipal: Cervantes.

4°.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "DE SEVANE", 2715879, das contas de gastos e ingresos do Consorcio do monte "AS REDONDAS", LU-3117, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 61 Hás. x 4.310.592,- Ptas. 3.866.855,-Ptas
68 Hás.

ingresos: 61 Hás. x 305.400,-Ptas. ..... 273.962,- "
68 Hás.

Santiago de Compostela, 2 de septiembre de 1997.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL;

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13/12/93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

C O N V E N I O

N.º	271	5879

En Santiago de Compostela, a ..... de ..... de mil novecentos noventa e .....

R E U N I D O S

Dunha banda, D. ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, por Delegación do ....., Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta Orde do 13.12.1.993.

Da outra, D. ABEL GOMEZ FERNANDEZ ....., como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "DE SEVANE" ....., segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da producción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 30 de Xullo de 1.958 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Sevane, parroquia de Quindós, termo municipal de Cervantes, e son os que a continuación se describen:

Denominación: "DE SEVANE".

Termo municipal: Cervantes Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal: Monte veciñal en man común pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Sevane, parroquia de Quindós, termo municipal de Cervantes.

Límites:

N.: Propiedades particulares;

S.: Mais monte da Comunidade de Sevane;

E.: Monte "LAS REDONDAS", LU-3117, monte "DE VILAR DE MOUROS", 2715878 e monte "CHAN DE LAGARES E CHANDOIRO", 2716507 e

O.: Monte "CHAN DE LAGARES E CHANDOIRO", 2716507 e monte "SIERRA DE PALMEA", LU-3118.

Superficie: 63 (SESENTA E TRES) Hás.

Estado forestal: 61 (SESENTA E UNHA) Hás. repoboadas e 2 (DUAS) Hás. inforestais.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 61 (SESENTA E UNHA) Hás.

Sen vexetación arbórea: 2 (DUAS) Hás.

Servidumes: - - -

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Sevane, parroquia de Quindós, termo municipal de Cervantes

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 63 Hás. do monte "LAS REDONDAS", LU-3117.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o - por cento, e a comunidade propietaria, o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscritible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de cincoenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construccións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será O monte está repoboado de P. sylvestris.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " SEVANE ", veciños de Sevane, parroquia de Quindós, concello de CERVANTES - Rexistrados coa data do 12 de novembro de 1993 co número 0401.

2.— Que, así mesmo, figura Don ABEL GÓMEZ FERNÁNDEZ, e Don JOSÉ FERNÁNDEZ PÉREZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~deica~~ elixida o 28-06-1997

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo, a 2 de xullo de 199 7.

REGISTRO GENERAL DE MONTES VECINALES EN MANO COMÚN · SECCIÓN PROVINCIAL · LUGO

Don JOSE FERNANDEZ PEREZ, Secretario da Comunidade de Sevane, termo municipal de Cervantes.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumprindose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 28 de Xuño de 1.997 estando designado Don ABEL GOMEZ GERNANDEZ, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Sevane (Cervantes) a vintenove de Xuño de mil novecentos noventa e sete.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE,

Asdo.: Abel Gómez Fernández.

Asdo.: José Fernández Pérez.

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL - CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Pola propiedade,

Asdº.: Abel Gómez Fernández.

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO;
P/P
O SECRETARIO XERAL;

XUNTA DE GALICIA - SECRETARÍA XERAL - CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.(O.do 13/12/93)

D. Abel Gómez Fernández.
D. José Fernández Pérez.

En el lugar de Sevane, parroquia de Quindós, municipio de Cervantes, siendo las trece horas del día - 28 de Junio de 1.997, se reunen los dos vecinos que integran la Comunidad de Sevane y su Junta Rectora.

Por unanimidad, acuerdan:

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la aprobeción de las Bases de un Convenio que afecte a las 63 Hás. del monte en mano común de - su pertenencia, incluidas actualmente en el Consorcio del monte "LAS REDONDAS",LU-3117, establecido entre el Patrimonio Forestal del Estado y el Ayuntamiento de Cervantes.Las características del monte a conveniar, serán:

Nombre: "DE SEVANE".

Superficie: 63 Hás.

Límites:

N.- Propiedades particulares;

E.- Más monte de la Comunidad de Sevane;

S.- Monte "LAS REDONDAS", LU-3117, monte "DE VILAR DE MOUROS", 2715878 y monte "CHAN DE LAGARES Y CHANDEIRO", 2716507 y

O.- Monte "CHAN DE LAGARES Y CHANDEIRO", 2716507 y monte "SIERRA DE PALMEA", LU-3118.

2º.- Proponer a la Consellería que el Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "LAS REDONDAS", LU-3117.

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fe-- cha al principio indicados, firmando de conformidad.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DELEGACIÓN PROVINCIAL
SERVIZO DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS
LUGO - Ronda Muralla, 70

Permuta de terreos do Covenio monte

"DE SEVANE2, 2715879.

Peticionario: A Comunidade

Residencia: Sevane - Cervantes

Nome do Monte: "DE SEVANE"

Nome do Elenco: 2715879

Pertenza: Comunidade de Sevane

Concello: Cervantes

Provincia: LUGO

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DISTRITO AMBIENTAL VII, Fonsagrada-Ancares
Rúa Ano Vello s/n. 27640. Becerreá. Lugo

Prepara cambio plano.

ASUNTO: Monte de convenio coa comunidade de Sevane (Cervantes)

Envíolle un escrito da comunidade do MVMC de Sevane, Cervantes, mediante o que solicitan a ese servizo un troco na superficie do convenio ca fin de realizar un pastizal. Xúntase copia da acta da asemblea así como plano realizado polo xefe de área D. Miguel A. Cela Núñez.

Becerreá, 21 de setembro de 2006

O xefe do Distrito VII

Asdo. Santiago Fraga Sáenz

XUNTA DE GALICIA
EDIFICIO ADMINISTRATIVO
REXISTRO XERAL - LUGO
nº 16808
21.09.2006 09:10
ENTRADA

Servizo de Montes e Industrias Forestais
Delegación do Medio Rural. Lugo

D. Abel Gómez Fernández, con DNI 33855173-R, y D. Manuel Fernández Asenjo, con DNI 76580101-Z, como representantes da Comunidade do Monte Vecinal en Man Común de Sevane, solicitan o Servicio de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Rural un cambio da superficie que afecta o convenio vixente ca devandita consellería. O cambio afectaría a 31,5 ha de superficie e o motivo e a realización dun pastizal no terreo que actualmente está en convenio. Co escrito remítese copia da acta do acuerdo tomado en asamblea e plano das superficies a permutar.

Sevane, 20 de setembro de 2006.

Asdo: Abel Gómez Fernández



Asdo: Manuel Fernández Asenjo



XEFE DO SERVICIO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS. LUGO.

ASAMBLEA GENERAL EXTRAORDINARIA

Abel Gomez Fernandez
DNI 33855 173-R

Manuel Fernandez Asenjo
DNI: 76330 101-E

- Acta de la reunión celebrada por la comunidad de sevane Termino Municipal de cervantes (Lugo)

- D Abel Gomez Fernandez y Manuel Fernandez Asenjo, como representantes de la comunidad del Monte Vecinal en Mano Comun de sevane, solicitamos al Servicio de Montes e Industrias Forestales de la Consellería de Medio Rural un cambio de la superficie que afecta al convenio vigente con dicha consellería El cambio afectaria a 31,5 ha de la superficie, y el motivo es la implantación de un pastizal en el terreno que actualmente esta en convenio.

Sevane, 20 de septiembre del 2006

EL COMUNERO

EL COMUNERO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
Delegación Provincial de Lugo
Servizo de Montes e Industrias Forestais

Escala: 1:10000	MONTE DE SEVANE
Superficie: 63 Ha	PERTENZA: Comunidade de Sevane
	CONCELLO: Cervantes

Novo límite convenio
Zona a convertir en pastizal
Zona a engadir ao convenio

En Lugo, a 30 de Maio de 2006
O XEFE DE ÁREA

Miguel Ángel Cela González


4747000
4746500
4746000
4745500
4745000
4744500
4744000
663000
663500
664000
664500
As Redondas
Chao da Granda
PALMEAN
Concello
de
Cervantes
A Cima do Roxal
Folgueirda
SERRA
DA
CORTELLA
SERRA
DA
CORTELLA
Rio
XUNTA
DE GALICIA
CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
Delegación Provincial de Lugo
Servizo de Montes e Industrias Forestais
Escala: 1:10000
Superficie: 63 Ha
MONTE DE SEVANE
PERTENZA: Comunidade de Sevane
CONCELLO: Cervantes
En Lugo, a 30 de Maio de 2006
O XEFE DE ÁREA
Miguel Ángel Cela González

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Delegación Provincial de Lugo
Servizo de Montes e Industrias Forestais

Ronda da Muralla, 70, Baixo 2
27071 LUGO
Teléfono: 982 29 44 71

MR: 110280

ASUNTO: Permuta de terreos do Convenio "DE SEVANE", 2715879.

Visto o escrito presentado pola comunidade do monte veciñal en man común "DE SEVANE", (Cervantes), de data 20 de setembro de 2006, no que solicita a permuta de 39 ha de monte, incluídas no convenio que se dedicarán a pastizal por 39 ha do monte.

Este servizo informa:

1º.- O 29 de xuño de 1991, a comunidade integrada polos veciños de Sevane, (parroquia de Quindós) e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, suscribiron un Convenio que afectaba a 63 ha do monte veciñal "DE SEVANE", no concello de Cervantes.

2º.- As zonas a permutar son similares en canto a súa valoración, non existindo variación significativa.

3º.- A permuta non varía as bases do Convenio, nin en superficie, nin na descrición dos límites, polo que se trataría soamente dunha modificación do plano.

Por todo elo, este servizo acorda:

Incorporar como novo plano do monte "DE SEVANE", o que se xunta.

Lugo, 17 de outubro de 2006
O xefe do servizo,

Xavier Bruña García

XUNTA DE GALICIA
EDIFICIO ADMINISTRATIVO
REXISTRO XERAL - LUGO
17 OUT. 2006
SAÍDA
N.º 58317

DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS
San Lázaro, s/n SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Delegación Provincial de Lugo
Servizo de Montes e Industrias Forestais

Ronda da Muralla, 70, Baixo 2
27071 LUGO
Teléfono: 982 29 44 71

MR: 110280

ASUNTO: Permuta de terreos do Convenio "DE SEVANE", 2715879.

Visto o escrito presentado pola comunidade do monte veciñal en man común "DE SEVANE", (Cervantes), de data 20 de setembro de 2006, no que solicita a permuta de 39 ha de monte, incluídas no convenio que se dedicarán a pastizal por 39 ha do monte.

Este servizo informa:

1º.- O 29 de xuño de 1991, a comunidade integrada polos veciños de Sevane, (parroquia de Quindós) e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, suscribiron un Convenio que afectaba a 63 ha do monte veciñal "DE SEVANE", no concello de Cervantes.

2º.- As zonas a permutar son similares en canto a súa valoración, non existindo variación significativa.

3º.- A permuta non varía as bases do Convenio, nin en superficie, nin na descrición dos límites, polo que se trataría soamente dunha modificación do plano.

Por todo elo, este servizo acorda:

Incorporar como novo plano do monte "DE SEVANE", o que se xunta.

Lugo, 17 de outubro de 2006
O xefe do servizo,

Xavier Bruña García

XUNTA DE GALICIA
EDIFICIO ADMINISTRATIVO
REXISTRO XERAL - LUGO
17 OUT. 2006
SAÍDA
N.º 38320

SR. PRESIDENTE DA COMUNIDADE DE MONTES
SEVANE

CERVANTES

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Delegación Provincial de Lugo
Servizo de Montes e Industrias Forestais

Ronda da Muralla, 70, Baixo 2
27071 LUGO
Teléfono: 982 29 44 71

MR: 110280

ASUNTO: Permuta de terreos do Convenio "DE SEVANE", 2715879.

Visto o escrito presentado pola comunidade do monte veciñal en man común "DE SEVANE", (Cervantes), de data 20 de setembro de 2006, no que solicita a permuta de 39 ha de monte, incluídas no convenio que se dedicarán a pastizal por 39 ha do monte.

Este servizo informa:

1º.- O 29 de xuño de 1991, a comunidade integrada polos veciños de Sevane, (parroquia de Quindós) e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, suscribiron un Convenio que afectaba a 63 ha do monte veciñal "DE SEVANE", no concello de Cervantes.

2º.- As zonas a permutar son similares en canto a súa valoración, non existindo variación significativa.

3º.- A permuta non varía as bases do Convenio, nin en superficie, nin na descrición dos límites, polo que se trataría soamente dunha modificación do plano.

Por todo elo, este servizo acorda:

Incorporar como novo plano do monte "DE SEVANE", o que se xunta.

Lugo, 17 de outubro de 2006
O xefe do servizo,

Xavier Bruña García

XUNTA DE GALICIA
EDIFICIO ADMINISTRATIVO
REXISTRO XERAL - LUGO
17 OUT. 2006
SAÍDA
N.º 158814

XEFE DO DISTRITO A FONSAGRADA-OS ANCRES
C/ Ano Vello, s/n

BECERREÁ